



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA DE
BAROUTA

Barouta 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.gal



Memoria Final

Anual

curso 2023-2024



INTRODUCCIÓN.....	3
1.- ESTADÍSTICA DO ALUMNADO NO CURSO 2023/2024.....	3
2.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.....	4
3.- AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.....	4
3.1.- DESENVOLVEMENTO DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PROPOSTOS , MEDIDAS E RECURSOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN.....	15
3.2.- PROXECTO DE CENTRO "Barouta ao pé da noticia".....	41
4.- AVALIACIÓN DO FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E OUTROS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	43
5.- ANÁLISE DO RENDEMENTO ACADÉMICO.....	44
6.- AVALIACIÓN DAS ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS DE APOIO EDUCATIVO.....	45
7.- AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO... 46 PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS EDUCATIVOS E DE INNOVACIÓN.47	
8.- AVALIACIÓN DOS DIFERENTES PLANS.....	49
8.1.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS NO SEO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	49
8.2. PLAN PARA A ORGANIZACIÓN DO TRANSPORTE ESCOLAR E DO SERVIZO DO COMEDOR.....	51
SERVIZO DE TRANSPORTE.....	51
8.3. - PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.....	52
9.- SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E DO EQUIPAMENTO.....	53
10.- CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA.....	56



INTRODUCCIÓN.

Esta Memoria Final Anual detalla o desenvolvemento das dinámicas plantexadas na PXA neste curso escolar 2023-2024 . Recolle os resultados da avaliación final: grao de cumprimentos dos obxectivos, suficiencia e idoneidade das medidas e dos recursos aportados, reflexión sobre o traballo realizado polos diferentes profesionais e equipos, reflexo de logros e dificultades, e resumo daquelas cuestións importantes e inacabadas, que marcarán a pauta da PXA do curso 2024-2025.

1.- ESTADÍSTICA DO ALUMNADO NO CURSO 2023/2024.

No presente curso estiveron matriculados un total de 220 alumnas/os, distribuídos do seguinte xeito:

NIVEL	AGRUPAMENTO	ALUMNADO
EDUCACIÓN INFANTIL	E. Infantil 4º nivel	24
	E. Infantil 5º nivel	24
	E. Infantil 6º nivel	23
EDUCACIÓN PRIMARIA	E. Primaria 1º nivel	25
	E. Primaria 2º nivel	24
	E. Primaria 3º nivel	25
	E. Primaria 4º nivel	25
	E. Primaria 5º nivel	25
	E. Primaria 6º nivel	25
	Nº total alumnado	219

2.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.

Ao longo do curso por causas relativas a baixas e licencias por formación e enfermidade, o cadro de profesorado sufriu variacións quedando como segue:

PROFESORADO	DOCENCIA
Mercedes Alonso Padrón Mestras substituta: Beatriz Raquel Neira Lado	Língua Inglesa
Alonso Barreiro Caxade	Apoio E.Infantil
Joy Carina Moriñigo Rodríguez	Apoio E.Infantil
Paula Casal Barreiro	E.Infantil- A
M ^a Victoria García Álvarez Mestra substituta: Lucía Caamiña García	E.Infantil -B
M ^a Monserrat García Cajuso Mestra substituta: Lucía Caamiña García	E.Infantil - C
M ^a Jesús Pena Rodríguez	E.Infantil- B
Martina Esperante Lago	1º nivel - 1º ciclo E.Primaria
Ana Losada Montero	2º nivel - 1º ciclo E.Primaria
Iria Pichel Beleiro	3º nivel - 2º ciclo E.Primaria
Silvia López Carou	4º nivel E.Primaria
M ^a Inmaculada Mosquera Rodríguez	5º nivel E.Primaria
Oliva Vergara Marcos	6º nivel E.Primaria
Camilo L. García Castro	Educación Musical
Florencio Gabriel Gómez Buján Mestras substituta: Patricia Piñeiro Freire	Educación Física
Veites Sabel, Marta do Pilar	Relixión
Juan Manuel Lago Lestón	Pedagogía Terapéutica
Lorena Riveiro Pardo	Pedagogía Terapéutica
Cristina Prego Insua Mestre substituto:Sergio López Alvarez	Audición e Linguaxe
Daniel Blanco Carpenle	Orientador

3.- AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

No presente curso puxo énfase no desenvolvemento dos obxectivos plantexados na PXA. Á par de dar resposta efectiva ás necesidades de xestión do centro, na que o equipo directivo centrou a súa tarefa, déronse pasos firmes na consecución dos obxectivos derivados do PEC, en diferentes niveis de concreción e das propostas de mellora presentadas na PXA para este curso escolar, no que se observou a necesidade de mudar, afondar ou dar continuidade a diferentes aspectos e liñas



metodolóxicas.

A valoración xeral é positiva.

CONSECUCCIÓN DOS OBXECTIVOS en relación ás necesidades e valoracións plantexadas nos Plans de Mellora cifradas en OBXECTIVOS para este curso, douse continuidade e afondouse nos seguintes aspectos que destacamos brevemente, como elementos e procesos que incidiron e favoreceron esta consecución foron.

En relación á **coordinación pedagóxica/Currículo e dinámicas das titorías e ciclos:**

- Fomentouse a participación colaborativa do profesorado en proxectos e actividades comúns e na coordinación metodolóxica co desenvolvemento de propostas e proxectos internivelares. Procurouse a coordinación e traballo en equipo na elaboración de materiais e deseño de propostas internivelares por parte das titorías coma recurso de traballo en equipo, avaliación e difusión. *Camiñando en dar continuidade á construción do modelo de centro consensuado e acorde ao PE*

Elaboración e posta en marcha dun plan de xuntanzas de coordinación do profesorado para favorecer a implicación no deseño e desenvolvemento de dinámicas democráticas e acordos ao proxecto anual e de centro.

Prioridade ao traballo colaborativo entre o profesorado para a posta en marcha de proxectos e obradoiros internivelares organizándose tempos e apoios entre o profesorado que posibilitaron estas prácticas.

- *Obradoiros internivelares de matemáticas (1º-2º-3º E.Primaria)*
- *Obradoiros internivelares de tratamento da imaxe para PDI : 2º ciclo*
- *obradoiros internivelares de arte e PDI: 3º ciclo*

Traballo de difusión metodolóxica e das actividades realizadas nos diferentes niveis para a comunidade educativa , na páxina web.



- Procurouse **maior coordinación e apoio dentro dos equipos** de ciclo e coordinación na elaboración de proxectos, plans e programas de apoio, recuperación e reforzo para o alumnado.

Plan de apoios entre profesorado de acordo coa bolsa de horas de libre disposición e necesidades plantexadas.

- Incidiuse na optimización da xestión do Departamento de Orientación , na incorporación de modelos de xestión e atención máis eficaces e coordinados coas titorías.

Atención do alumnado en aulas preferentemente. Coordinación coas titorías para o plantexamento dos apoios. Realización de observacións e xestións do orientador nos tempos de atención ao centro.

- **Procurouse a mellora do funcionamento dos Equipos de coordinación** con reparto e desempeño das tarefas e funcións entre todo o claustro buscando un maior nivel de implicación e eficacia.

Este aspecto non obtivo o resultado desexado, resultando en moitos momentos confusa a participación e centrándose en coordinacións fundamentalmente. de cara ao vindeiro curso será necesario o replantexamento.

- **Incidiuse na mellora do funcionamento da Comisión de Coordinación**, para mellorar a eficacia e implicación no seu funcionamento e responsabilidade na planificación previa das actividades colectivas.

O funcionamento deste equipo non logrou os obxectivos plantexados xa que logo, aínda que se realizaron as actividades colectivas previstas e incorporaron aquelas que se consideraron de interese, non foi quen de establecer o entramado persoal e de tarefas que posibilitara un desenvolvemento máis eficaz como estaba previsto. Precísase un novo plantexamento no funcionamento deste equipo.



- Posta en marcha de PDI e dinámicas específicas desde a biblioteca escolar: (ver Memoria específica). Desenvolvemento do PLAMBE

Reorganización dos tempos e composición dos equipos de coordinación ampliando o profesorado no equipo de biblioteca. Traballouse para potenciar nas titorías a mellora do hábito lector do alumnado co deseño de tempos de uso da mesma, seleccionando materiais e recursos de calidade, promovendo actividades de animación:

- 👤 *clubs de lectura de alumnado e familias*
- 👤 *biblioteca creativa*
- 👤 *servizos de préstamo*
- 👤 *actividades específicas en tempos de patio e propostas anuais*

O equipo de biblioteca tivo un incremento significativo para facilitar o desenvolvemento das tarefas propias do mesmo e a posta en marcha de PDI.

- Optimizouse o deseño da avaliación e os boletíns informativos ás familias.

Concretouse e incidíuse na necesidade de mellora do formato de presentación ás familias, analizando os elementos prioritarios da elaboración de informe competencial significándoo fronte a nota numérica.

- Procurouse unha coordinación efectiva entre as etapas de E. Infantil e 1º ciclo de E. Primaria.

Desenvolvemento de propostas e proxectos internivelares en diferentes momentos do curso escolar e relacionadas con actividades xerais e proxectos . Douse continuidade ás dinámicas funcionais de adquisición e asentamento da lectura e escrita funcionais, fundamentando o uso de textos reais, significativos e funcionais en todos os niveis da E. Primaria e primordialmente no 1º ciclo, en coordinación coa etapa anterior.



- Na xestión de ambientes e proxectos buscouse o aproveitamento das fortalezas do profesorado incidindo en que cada quen aportara aos equipos docentes segundo as súas mellores capacidades e intereses.

Isto traduciuse na responsabilidade de espazos e propostas de diversa índole: conformación da aula de proxectos - obradoiros de matemáticas OAOA - xestión e propostas do polo creativo - club de lectura de alumnado de 3º ciclo - obradoiros de arte en E.Infantil.

- Traballouse para a mellora da **difusión** dos proxectos levados adiante nas titorías/ciclos e colectivos entre profesorado e Comunidade educativa, procurándose información/formación ás familias cara a facilitar a continuidade da liña metodolóxica establecida no PEC.

Posta en marcha da nova páxina web, cunha nova estrutura na que se procurou facilitar a información á comunidade educativa así como mellorar as xestións administrativas . Realizouse puntualmente a difusión de información, das dinámicas anuais do centro e das titorías, liñas metodolóxicas, boas prácticas etc

- Incidiuse no uso vehicular e de aprendizaxe da lingua galega. Dando continuidade ao deseño e posta en marcha de propostas concretas para desenvolver neste curso escolar por parte do EDLG

Desenvolvemento de programas anuais e actividades de normalización (Ver Memoria específica EDLG)

Deseñáronse e realizáronse programas e actividades co obxecto de incidir no uso vehicular e de aprendizaxe da lingua galega: posta en marcha por segundo ano consecutivo de propostas dinamizadas polo EDLG do centro e do programa “Modo Galego activo” en coordinación co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames e a RAG.

- Fíxose fincapé na mellora do hábito lector do alumnado co deseño de tempos e mellorando a calidade das propostas.



O Equipo de Biblioteca deseñou e levou a cabo diferentes propostas ao longo do curso escolar, intervenido no espazo da biblioteca, dinamizando actividades no tempo de patio, ofertando ás titorías actividades de estimulación á lectura etc (ver Memoria específica)

- Fíxose Incidiuse na comunicación oral, hábitos e recursos de presentación e exposición.

Programación e posta en marcha de tempos, espazos e formatos diversos para a mesma no ámbito das titorías e nas conmemoracións e actividades colectivas por parte dos diferentes equipos de coordinación e os equipos docentes.

- Afondouse no uso do espazo exterior natural coma ambiente de aprendizaxe.

Incidiuse no proxecto de intervención global e comunitario “ Mudando o Patio”, ampliando espazos e materiais lúdicos e de aprendizaxe natural, na continuidade da utilización do mesmo como “aula no exterior” e como ambiente de aprendizaxe e zona de esparcemento con aproveitamento como recurso pedagóxico para o tratamento interdisciplinar de diversas materias: Fixéronse intervencións e xestións importantes para a construción e remodelación da zona de estanque coa presentación do proxecto (proBleu e Fundación Paideia)

Tempo semanal de Escola no bosque en E.Infantil

Desenvolvemento de propostas relacionadas coa inmersión na contorna: (ver Memoria específica equipo da contorna)

- 🍷 *horta escolar*
- 🍷 *saídas e roteiros*
- 🍷 *actividades específicas de proxectos de ciencias nos ciclos*

- Douse continuidade a dinámicas de inclusión do Polo Creativo na dinámica anual de todas as titorías.



Xestión de espazos, recursos e desenvolvemento de proxectos desde o Polo Creativo en diferentes momentos do curso escolar para os distintos niveis de E. Primaria fundamentalmente (ver memoria específica). Elaboración de plans de traballo diversos en canto a contido, tipoloxía e temporalización coas titorías e ciclos e continuidade da actividade de robótica (Contrato Programa) Ampliación de coñecementos útiles para uso da tecnoloxía e desenvolvemento da competencia no manexo de diferentes recursos tecnolóxicos

- Continuidade de proxectos de éxito pedagóxico e boas prácticas das titorías e equipos incidindo na formación do profesorado e comunidade educativa.

Difusión das dinámicas de Ambientes de aprendizaxe en E.Infantil (formación alumnado USC) e programas de matemática manipulativa OAOA (páxina web). Continuidade de propostas anuais comunitarias e traballo das comisións mixtas de traballo.

Sínalase cara o vindeiro curso incidir na formación do profesorado en dinámicas metodolóxicas de matemática manipulativa e lectura/escrita funcional, así como difundir e realizar exposicións e prácticas coas familias para facilitar a comprensión e implicación das mesmas na liña metodolóxica do centro.

- O obxectivo de normalización das dinámicas metodolóxicas recollidas na Concreción Curricular (**ABP, agrupamentos cooperativos e titoría entre iguais**) nas titorías

Precisa un maior afondamento cara o vindeiro curso cara a normalizar as mesmas na actividade cotiá.

- A mellora da coordinación, **implicación e concreción das tarefas das titorías e equipos no desenvolvemento do PDI** e dos proxectos desenvolvidos ao longo do curso,



Non foi moi efectiva xa que pese a que os resultados foron exitosos, e que se coordinou a actividade de PDI e Proxecto Competencial non se logrou unha boa inclusión das propostas no currículo por parte das tutorías, dando lugar en diferentes momentos do curso a unha visión de sobrecarga para as tutorías. Afondarase no vindeiro curso na inclusión destas actividades no currículo anual dos diferentes niveis .

- Establecemento de dinámicas e actividades de lectura pedagóxica, reflexión e cooperación como pauta de formación neste curso escolar co desenvolvemento do PFPP (*ver memoria específica*)

Incidíuse no PFPP de este curso na fundamentación teórica que arroupa a educación emocional e o coñecemento e uso dos recursos pedagóxicos necesarios para manter dinámicas acorde á liña de centro en todos os niveis educativos .

- Dinamizouse e optimizáronse dinámicas e o uso dos espazos colectivos interiores e do exterior, acordes á liña metodolóxica do centro:

Creación do espazo teatro (xestión comisión de Igualdade co premio da Diputación de A Coruña Begoña Camaño), dotación e organización do espazo de aula de proxectos, reorganización do espazo biblioteca. (ver memoria específica do equipo)

- Realizáronse diferentes tarefas de xestión na procura de melloras de diferente índole para o centro:

Continuouse coa mellora paulatina das instalacións do centro, realizándose as xestións precisas (Concello de Ames, Consellería de Educación, Fundacións e outros grupos e colectivos (Paideia/ Miudiño...))para acadar a remodelación de espazos e realizar as reformas estruturais precisas : aseos, patio escolar (estanque), cuberta e fachada.



Continuidade da renovación e mellora de equipos informáticos (ordenadores, proxectores...) e coas xestións e mellora da organización espacial do polo creativo; implicando a alumnado e profesorado no coidado dos recursos.

- Fíxose unha revisión, actualización e difusión de documentos : *Nofc, protocolos neae, Proxecto Lingüístico de Centro. (presentación e difusión na páxina web)*
- Continuouse coa elaboración do PAD e Proxecto Lector. Será preciso continuar no vindeiro curso
- Douse continuidade e afondouse nos proxectos iniciados nos cursos anteriores (*MeteoBarouta, ComunikT, ambientes de aprendizaxe, aula de proxectos, transformación do Espazo Calmo ...*) nos distintos espazos do centro
- Dinamización dos espazos de participación da comunidade educativa: *Procurouse a participación e implicación da comunidade educativa, en xestións, plans e actividades educativas: traballo da comisión mixta de igualdade, ENAPA, Club de lectura, participación e colaboración con actividades anuais (teatro de nadal e entroido, Carreira solidaria, Festa da Primavera, PDI, Romaría de fin de curso...) e de niveis (actividades do PDI en diferentes niveis, excursión do alumnado de 6º nivel).As comisións de comunicación, normalización lingüística e comisión do patio non tiveron actividade específica este curso; será preciso retomar a súa acción no vindeiro.*
- **Xestionáronse diferentes proxectos:**
Procurando a participación e implicación persoal e colectiva de profesorado-alumnado e familias na xestión, desenvolvemento de dinámicas pedagóxicas, coidado e na mellora do centro a todos os niveis e en diferentes planos de participación e colaboración:
 - *equipos de traballo de profesorado- alumnado para a xestión do tempo de patio (zonas, actividades e materiais) (Ver Memoria específica de Equipo de Convivencia)*
 - *equipos de profesorado-familias na elaboración e xestión de proxectos:*



ProBleu e Jean Monett,

- *comisións de Igualdade : comisión mixta que ao longo do curso xestionou actividades para a comunidade educativa, construción do espazo de expresión/teatro integrado no espazo calmo e elaboración, xestión de proxectos que posibiliten incorporacións económicas e posta en valor das dinámicas do centro nesta materia, participación en actividades de formación externa ... (ver memoria específica do equipo de Igualdade)*
- *Incidíuse no proxecto de intervención global e comunitario “ Mudando o Patio”, ampliando espazos e materiais lúdicos e de aprendizaxe natural, na continuidade da utilización do mesmo como “aula no exterior” e como ambiente de aprendizaxe e zona de esparcemento con aproveitamento como recurso pedagóxico para o tratamento interdisciplinar de diversas materias: Fixéronse intervencións e xestións importantes para a construción e remodelación da zona de estanque e presentouse proxecto (proBleu)*
- *Posta en marcha da actividade colectiva de danza derivado do Proxecto Jean Monnet (ver memoria específica)*
- *Solicitude e desenvolvemento dos Contratos Programa. Xestión dos 10 Contratos Programa concedidos (memorias específicas)*

CP Inclúe : Queda-T, Igualda-T, Convive-T, Inclúe-T, Emociona-T

CP Innova: Innova, Excelencia, Saúde, Sostibilidade, Calidade

- *“Plan Proxecta + (Meteoescolas)*
- *Proxecto europeo Jean Monnet (memoria específica)*
- *Digicraft*
- *PLAMBE e proxectos vinculados á biblioteca (Biblio Creativa, Lectura e familias...)*
- *Xestión de proxectos, premios e concursos corporativos e non corporativos por parte dos equipos, ciclos e /ou niveis*
 - *Innova Ames (Concello de Ames)*
 - *Premio Concepción Arenal (Diputación de A Coruña)*
 - *Voz Natura*



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA DE
BAROUTA

Barouta 11
15229 – AMES
T | 861867455
ceip.barouta@edu.xunta.gal



- *Mellora das canles de comunicación coas familias (páxina web e Abalar)*
- *Continuouse coa dotación de aulas e centro nunha liña estética común.*

3.1.- DESENVOLVEMENTO DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PROPOSTOS , MEDIDAS E RECURSOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN

O seguinte cadro recolle as actividades e dinámicas que se desenvolveron para a consecución dos obxectivos específicos propostos, así como os recursos persoais e materias empregados.

As diferentes Memorias do Equipos e Comisións presentadas nos anexos a esta Memoria Final Anual recollen máis polo miúdo as actividades realizadas polos mesmos e as valoracións en relación ás mesmas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PROPOSTOS	MEDIDAS DESENVOLVIDAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS	RECURSOS UTILIZADOS
<p>Dinamizar e optimizar proxectos e o uso dos espazos colectivos interiores e do exterior, acordos á liña metodolóxica do centro.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Continuidade e mellora na incorporación do patio escolar como aula creando espazos e dotando de materiais para a realización de tempos de aula fora. ● Escola no bosque en E.Infantil como actividade semanal. Incorporación progresiva de E. Primaria co aproveitamento da contorna natural do centro: horta escolar/roteiros e saídas. ● Continuidade no deseño e organización dos espazos de uso común: Polos creativos, Aula de Proxectos. Solicitud de subvención e xestión dos recursos. ● Reorganización e xestión de espazos xa creados axustándoos ás características deste curso escolar: organización e dotación de biblioteca, ampliación do recurso de espazo calmo de traballo emocional e corporal a espazo teatro, reorganización ambientes de aprendizaxe E.Infantil. ● Actividades desenvolvidas arredor dos contratos programa . 	<ul style="list-style-type: none"> ● Presuposto de centro ● Presupostos dos Equipos ● Presupostos Contratos Programa :<i>CP-Inclúe Iguale-T / Emociona-T/CP Innova: Saúde / Sostibilidade/ Calidade</i> ● Espazos comúns : Polo Creativo, Espazo calmo, patio escolar, Biblioteca, Espazo proxectos. ● Espazos aulas ● Ambientes de Aprendizaxe ● Patio Escolar ● Contorna

- Desenvolvemento de proxecto elaborado polo equipo de Convivencia para a continuidade do proxecto Mudando o Patio, coa organización dos espazos de xogo no pavillón e na pista polideportiva. Dotación/reemplazo de materiais e contenedores.
- Desenvolvemento do proxecto de robótica no 3º ciclo de E. Primaria, a partir da solicitude dun contrato programa e contando con persoal externo especialista na materia.
- Xestión dos obradoiros de comunicación por parte do equipo de Polos Creativos en consonancia co PDI
- Xestión de espazo e tempos para dar continuidade ao programa de Xogo terapéutico vinculado a Contrato Programa e compartir con espazo AL.

(Memorias equipos: E. Infantil e E. Primaria / Equipo de Extraescolares/ Equipo Contorna/ Equipo Biblioteca/ Equipo Convivencia/ Equipo Igualdade/ Equipo Polo Creativo)

CP-Inclúe Iguala-T / Emociona-T

CP Innova : Saúde / Sostibilidade/ Calidade

<p>Dinamizar e optimizar a reorganización e dotación de espazos colectivos interiores e do exterior, que melloren as dinámicas, convivencia e calidade de relación no centro e acordos á liña metodolóxica establecida no PE e na normativa actual.</p>	<ul style="list-style-type: none">● Dinamización do Ambiente/ espazo común: Espazo Calmo. Xestión do uso seguro : traballo corporal, relaxación e mediación e establecemento de criterios metodolóxicos común no seu uso.● Ampliación e transformación uso do Espazo Calmo en espazo de teatro e expresión (subvencións premio igualdade Begoña Caamaño)● Protagonismo do Equipo de Convivencia e Igualdade na xestión do Espazo Calmo. <p><i>Memorias equipos: Equipo de Convivencia /Equipo de Igualdade</i></p>	<ul style="list-style-type: none">● Comisión de Convivencia● Equipo de Convivencia● Equipo de Igualdade● Plan de Convivencia● Espazo Calmo● Patio Escolar
---	---	--

<p>Mellorar a dotación de aulas e centro continuando coa mellora da dotación de mobiliario nunha liña estética común.</p> <p>Continuar coa organización e dotación dos espazos comúns creados (Polo Creativo/ Aula de proxectos/ Espazo Calmo) de infraestruturas operativas para o cumprimento dos programas deseñados para os mesmos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Acondicionamento e mellora dos espazos existentes: aulas, ambientes e espazos comúns. ● Por parte do centro realizáronse as xestións precisas coa Consellería e Concello para a realización de reformas necesarias xa solicitadas e non realizadas ata o momento e para solventar estragos que xurdiron ao longo do curso. ● Merca de mobiliario e materiais para completar e actualizar os existentes cara unha liña estética común. ● Continuidade de propostas de reciclaxe no centro. <p style="text-align: center;"><i>Memoria Equipo Contorna / Complementarias</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Presuposto do centro ● Presuposto das aulas ● Consellería ● Concello de Ames
<p>Incorporar a educación ambiental como elemento transversal prioritario afondando no uso</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Participación na plantación da horta e contorna por parte dos ciclos de E. Infantil e 1º ciclo de E.Primaria. ● participación no proxecto de sostibilidade, e ecopatrulla por parte do 1º ciclo de E.Primaria. ● Coordinación de E.I. e 1º ciclo E.P. no traballo de horto escolar e reciclaxe. Continuidade co traballo da 	<ul style="list-style-type: none"> ● Horta Escolar ● Entorno do centro ● Equipo de Complementarias ● Concellalía de Medio Ambiente ● Contratos Programa : CP Innova - Sostibilidade

do espazo exterior
coma ambiente de
aprendizaxe.

- Ecopatrulla.
- Continuidade proxecto Voz Natura
 - Utilización do espazo exterior: patio e contorna inmediata para a realización cotiá de actividades e **proxectos** de aula. Escola no patio e Escola no bosque de E.Infantil.
 - Xestións para reestructuración e ampliación do estanque : elaboración proxecto Miudiño / proxecto europeo ProBleu / solicitude Fundación Paideia
 - Xestión e coordinación do Contrato Programa CP Innova - Sostibilidade por parte do equipo de Contorna e Complementarias.
 - Xestión e coordinación de actividades medioambientais para as diferentes titorías coa Concellalía de Medioambiente: roteiros e visitas.

Memoria Equipo Contorna / Complementarias

<p>Continuar tomando as medidas necesarias para a normalización lingüística do centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Incidir no uso vehicular e de aprendizaxe da lingua galega ● Incidir na comunicación oral, hábitos e recursos de presentación e exposición. Programación de tempos e espazos para a mesma no ámbito das titorías. ● Mellora no hábito lector do alumnado. Deseño de tempos e atención á 	<ul style="list-style-type: none"> ● Dinamización das propostas do Proxecto lingüístico de centro, desenvolvendo actividades encamiñadas á dinamización lingüística a nivel de centro. ● Potenciouse o uso correcto do galego desde os primeiros niveis de escolarización. ● Incorporación de recursos virtuais para o desenvolvemento das propostas anuais ● Realización de diferentes propostas de implicación da comunidade educativa. <ul style="list-style-type: none"> ● participación de tosos os niveis no proxecto Modo GaleG Actívaio por 2º ano consecutivo. ● Coordinación co PDI e cos demais equipos de coordinación para a incorporación natural das propostas en diferentes momentos do curso escolar <p style="text-align: center;"><i>Memoria EDLG</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Proxecto lingüístico de Centro. ● Plan de fomento do uso do Galego. ● Equipo de Dinamización Lingüística. ● Equipo de Biblioteca ● Comisión de Coordinación
--	---	---

calidade.		
<p>Incentivar o clima de cooperación, entendemento e diálogo :</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Conseguir unha maior coordinación organizativa e implicación docente, fomentando a participación colaborativa en proxectos e actividades comúns. ● Mellorar o funcionamento da Comisión de Coordinación. ● Optimizar a coordinación metodolóxica entre o profesorado: coordinación no Ciclo, entre niveis, 	<ul style="list-style-type: none"> ● Traballo da Comisión de Coordinación para dinamizar e rentabilizar as diferentes aportacións dos equipos, ás actividades colectivas anuais, propostas externas e PDI ao longo do curso.. ● Desenvolvemento de propostas e Proxectos internivelares : Obradoiros internivelares de matemáticas (1º-2º-3º E.Primaria) Obradoiros internivelares de tratamento da imaxe para PDI : 2º ciclo Obradoiros internivelares de arte e PDI: 3º ciclo ● Posta en marcha dinámicas de coordinación dos ciclos E.Infantil e E.primaria desenvolvendo actividades e proxectos comúns relativos ás tarefas asignadas de Horta e Contorna , Ecopatrulla- Proxecto Sostibilidade, 25N, proxecto Espazo, acollida alumnado 6º EI ● Optimización das fortalezas e capacidades do profesorado para o desenvolvemento de plans e proxectos en beneficio do colectivo. ● Coordinación de plans e proxectos colectivos por parte de profesorado (10 liñas Contratos Programa desenvolvidos) ● Realización de formación colectiva para o claustro. PFPP : Faladoiros pedagóxicos dialóxicos 	<ul style="list-style-type: none"> ● Comisión de Coordinación de persoas coordinadoras dos equipos. ● Equipos de coordinación. ● Equipo de Ciclo ● Procedementos de traballo que fomenten a coordinación interna: lectura funcional, obradoiros de nivel e, ABP ● Modelos unificados de programacións ● Modelo unificado de documento de avaliación. ● CCP ● PFPP ● Contratos Programa (10 liñas)

<p>traballo en equipo co desenvolvemento de propostas e proxectos internivelares.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Procurar maior coordinación e apoio no funcionamento dos equipos e comisións con maior implicación no reparto de tarefas por parte do profesorado. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Participación en cursos de formación a nivel individual. ● Xestión e desenvolvemento dos proxectos dentro dos Contratos Programa en todas as liñas: CP Inclúe : Queda-T, Iguala-T, Convive-T, Inclúe-T, Emociona-T / CP Innova: Innova, Excelencia, Saúde, Sostibilidade, Calidade ● Desenvolvemento proxecto de danza dentro do Proxecto europeo Jean Monet ● realización propostas dentro do PLAMBE e proxectos vinculados á biblioteca (Biblio Creativa, Lectura e familias...) ● Xestión de proxectos, premios e concursos corporativos e non corporativos por parte dos equipos, ciclos e /ou niveis (Innova Ames, Plan Proxecta- Meteoescolas, Voz Natura, Igualdade concepción Arenal, Digicraft...) <p><i>Memorias Equipos Biblioteca/ Voz natura / Jean Monet/ PFPP / Contratos Programa/ Polo Creativo</i></p>	
<ul style="list-style-type: none"> ● Desenvolvemento dos obxectivos do Plan de Acción do Plan Dixital de centro 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proxecto EDIXGAL ● Polo creativo (dentro do desenvolvemento do Plan Dixital *) realizouse <ul style="list-style-type: none"> ● montaxe e reorganización do espazo ● dinamización de propostas ao longo do curso en coordinación cos ciclos e niveis 	<ul style="list-style-type: none"> ● Polo creativo ● Proxecto ComuniKT ● Presuposto e dotación dos proxectos ● Equipo Plan Dixital ● Equipo TICs ● Biblioteca ● Titorías

	<ul style="list-style-type: none">● asesoramento para todo o alumnado/profesorado/familias● dinamización de propostas e proxectos realacionados co PDI “Barouta ao Pé da Noticia” e proxectos dos diferentes niveis e ciclos.● apoio e asesoramento para todas as aulas no manexo e inclusión de ferramentas tecnolóxicas para o desenvolvemento dos seus proxectos.● xestión do espazo e actividades por parte do Equipo correspondente.● Coordinación cos equipos de traballo no desenvolvemento das actividades anuais.● Continuidade proxecto de robótica GEN1os no 2º e 3º ciclo, xestionado por persoal externo especialista, ligado ao Contrato Programa CP INNOVA-Excelencia.● Obradoiros e proxectos do programa ComuniKT , ligado ao Contrato Programa CP INNOVA-Calidade● Incorporación e actualización de recursos virtuais na actividade didáctica cotiá: dinamización e uso de recursos virtuais.● Incorporación de tics e uso de recursos virtuais ás dinámicas diarias das titorías● Dinamización Programa Digicraft.● Participación na coordinación do PDI	<ul style="list-style-type: none">● Persoal externo especialista (robótica)● Contrato Programa CP INNOVA-Excelencia● Contrato Programa CP INNOVA-Calidade
--	---	--

	<ul style="list-style-type: none"> ● Colaboración Equipo Tics no mantemento dos equipos das aulas e espazos comúns. <p><i>Memoria específicas Plan dixital e polo Creativo</i></p>	
<p>Dar continuidade á transformación do colexio nun centro dixital no referido ás canles de comunicación entre toda a comunidade educativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Continuidade da xestión EDIXGAL en 5º e 6º niveis de E.Primaria. ● Incorporación á dinámica anual do uso de ferramentas corporativas como por exemplo Agueiro. ● Incorporación de Abalar como medio corporativo de comunicación coas familias, descartando o TokApp-School. ● Centralización de información e presenza na páxina web, descartando redes sociais non corporativas. ● Actualización e melloras significativas na páxina web do centro. xestión e dinamización da mesma. ● Xestión e dinamización de canais e medios de difusión do centro e de ciclos/aulas/equipos, ● Presencia e difusión nos medios. Comunicacions e exposicións ao longo do curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Abalar ● EDIXGAL ● Páxina Web ● Blogs de aulas, equipos e etapas. ● Recusos informáticos ● Recursos audiovisuais ● Equipo TICs ● Equipo Plan Dixital ● Polo Creativo ● Proxecto ComuniKT

	<ul style="list-style-type: none"> ● Resolución corporativa dos problemas que xurdiron en relación aos equipos, liñas... ● Actualización dos recursos informáticos e audiovisuais. Solicitude e adquisición. ● Continuidade proxecto robótica 2º e 3º ciclo. ● Proxecto Digicraft en E.Primaria. ● Participación en concursos e programas de índole tecnolóxica en diferentes ámbitos: 1º premio InnovAmes <p><i>Memoria específicas Plan dixital e polo Creativo / Tics</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Consellería de Educación ● Concello de Ames.
<p>*Favorecer a comunicación e transparencia na toma de decisión a través da difusión da vida do centro e a participación de toda a Comunidade Educativa.</p> <p>*Dinamizar e optimizar as actuacións das comisións mixtas da comunidade educativa</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Mantemento de calendario semanal de coordinación de profesorado para a realización de xuntanzas regulares. ● Realización de contactos frecuentes de xestión e coordinación coa ANPA en diferentes momentos do curso escolar. ● Realización de Asambleas Escolares e Asambleas de Centro ao comezo do curso escolar. ● Traballo nos espazos de participación da comunidade educativa en diferentes graos sendo a comisión mixta de Igualdade a única que mantivo unha actividade continua ao longo do curso coa xestión do espazo teatro, actividades para alumnado e familias e presentación a premios e convocatorias de subvencións. Obtención do 1º premio para proxectos de igualdade de E.Primaria Concepción Arenal. As outras comisións non realizaron traballo efectivo este 	<ul style="list-style-type: none"> ● Claustro ● Consello Escolar ● ANPA San Mauro ● Asambleas escolares ● Asambleas de Centro ● Comisións da comunidade educativa

	<p>curso (comisión de comunicación, comisión de normalización lingüística, comisión do patio, comisión de infraestrutura:SOS Barouta) A actividade da ENAPA Barouta estivo coordinada co Club de Lectura da Biblioteca</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Organización tempos e espazos para o desenvolvemento dos proxectos e propostas das diferentes comisións ● Mellora significativa dos canles de difusión e comunicación coas familias: páxina web, abalar móbil... <p><i>Memoria Igualdade</i></p>	
<ul style="list-style-type: none"> ● Dar continuidade e ampliar as prácticas educativas significativas e innovadoras no centro: ● Potenciar e incidir na formación do profesorado no uso dos recursos pedagóxicos necesarios para manter dinámicas 	<ul style="list-style-type: none"> ● Afondamento na dinámica de traballo por Ambientes de Aprendizaxe en Educación Infantil. Introducción de variantes na rotación do alumnado Establecemento de dinámicas novas relativas á escola no bosque e a libre circulación.Necesidade de revisión e remodelación cara o vindeiro curso ● Aprendizaxe funcional de lectura e escrita. Uso de textos reais, significativos e funcionais con incorporación progresiva en todos os niveis de E.Primaria. ● Desenvolvemento de talleres internivelares para a aprendizaxe da matemática. <ul style="list-style-type: none"> ● Procurar información/formación ás familias para facilitar a comprensión e colaboración. ● Coordinación de materiais e propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Ambientes de Aprendizaxe en Educación Infantil ● ABP en Educación Primaria ● Comisión de Coordinación ● Comisión da Contorna ● Voz natura ● Equipo de Biblioteca ● Equipo Actividades Extraescolares ● Equipo de Convivencia ● Equipo de Dinamización Lingüística ● Equipo Plan dixital

<p>acordes ao proxecto Educativo do centro en todos os niveis educativos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Dar continuidade aos proxectos de éxito pedagóxico. Mellora da difusión dos mesmos entre o profesorado e Comunidade Educativa. ● Dar continuidade ás dinámicas funcionais de adquisición e asentamento da lectura e escrita ● Ampliar e mellorar recursos e dinámicas relativas á competencia matemática en E. Infantil e 	<ul style="list-style-type: none"> ● Proxecto EDIXGAL en 5º e 6º niveis de E.Primaria. ● Realización de dinámicas ABP e cooperativo en E.Infantil e E.Primaria ● Agrupamentos mixtos en E.Infantil. ● Agrupamentos internivelares en E.Primaria para o desenvolvemento de proxectos: <ul style="list-style-type: none"> ● Proxecto matemática manipulativa no 1º ciclo e 3º nivel de E.Primaria ● Proxecto Emocións e arte no 3º ciclo ● Realización de actividades internivelares coordinadas E.Infantil e 1º ciclo: horta/contorna/ecopatrulla/ igualdade / proxecto espazo/ adaptación alumnado de 6º EI ● Realización de xuntanzas de coordinación entre E.Infantil e 1º ciclo para o afondamento en dinámicas pedagóxicas comúns: lectura e escrita funcional, matemática manipulativa... ● Continuidade Proxecto Digicraft para os niveis de 3º a 6º ● Prácticas e actividades da comisión do Entorno: Horta escolar. Patrulla Ecolóxica. ReciclaXe. Roteiros para descubrimento da contorna. ● Participación programa Voz Natura. ● PLAMBE ● Dinamización proxectos: Biblioteca creativa, Radio na Biblio, Club das Letras, Lectura e familias. ● Continuidade proxecto Embaróuta-T nó sostible de 	<ul style="list-style-type: none"> ● Equipo Tics ● PLAMBE. ● Proxecto Mudando o Patio ● Proxecto radio e comunicación audiovisual ● Robótica ● Docente especialista proxecto robótica Gen1os ● Comisión de Igualdade: proxectos Diputación e Contratos Programa. ● Equipo de Convivencia: proxectos actividades mediación, Espazo Calmo, patio escolar. ● Equipo mixto de Igualdade e coeducación. ● Terapeuta especialista en Terapia de xogo. ● ADEGA ● Asociación Seteportas ALTAIR ● Asociación Amicos ● Psicóloga especialista programas e obradoiros de sensibilización.
---	--	--

<p>E, Primaria.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Aproveitamento das fortalezas do profesorado para a xestión de ambientes e proxectos. ● Potenciar e incidir na formación do profesorado no uso dos recursos pedagóxicos necesarios para manter dinámicas a corde á liña educativa do centro en todos os niveis educativos. ● Incidir na función titorial. ● Lograr unha coordinación efectiva entre as etapas de E. Infantil e 1º ciclo de 	<p>recicla. Novas propostas funcionais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Proxecto de robótica: inclusión Contrato Programa CPINnova-Excelencia. <ul style="list-style-type: none"> ● Desenvolvemento do Proxecto Anual: “Barouta ao pé da noticia” ● Contratos Programa. Xestión e actuación nas 10 liñas para desenvolvemento de diferentes proxectos. <p>CP Inclúe: Queda-T, Iguala-T, Convive-T, Inclúe- T, Emociona-T</p> <p>CP Innova: Innova, Excelencia, Saúde, Sostibilidade, Calidade</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Deseño e posta en práctica de obradoiros e proxectos vinculados ao PDI no Polo Creativo. <p><i>*(Memoria específica Plan Dixital)</i></p> ● Deseño e realización de dinámicas relativas á cohesión de grupo, convivencia positiva e igualdade nas diferentes titorías. <i>*(Memoria específica Equipo Convivencia)</i> ● Continuidade no tratamento das situacións de equilibrio e dereito en relación ao xénero e a diversidade afectivo-sexual. <i>*(Memoria específica Equipo Igualdade)</i> ● Realización de talleres sensibilización conductas adictivas para alumnado de 4º-5º e 6º nivel. <p><i>*(Memoria específica Equipo Convivencia)</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ● Difusión de formación e prácticas escolares de calidade educativa na páxina web do centro . ● Incorporación alumnado en prácticas USC nos ciclos de 	<ul style="list-style-type: none"> ● Concellalía de Benestar Social ● Concellalía Medio ambiente
---	---	--

E.Primaria (desenvolvemento de propostas e proxectos internivelares)	E.Infantil e E.Primaria. tamén PT e AL. <i>*(Memorias específicas niveis)</i>	
<ul style="list-style-type: none"> ● Incentivar a realización de proxectos de traballo: de aula, internivelares, de equipos de profesorado, mixtos (familias e profesorado) e de Centro. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Deseño e desenvolvemento do Proxecto de Centro: “ Barouta ao pé da noticia” ● Desenvolvemento do Proxectos Embarouta-T co feminismo. Obradoiros participativos igualdade e xénero para familias: continuidade do proxecto “Terra de Mulleres Obradoiros participativos encardinados no PDI : muller e imaxe. Creación espazo de expresión libre e respetuosa no espazo calmo (igualdade e convivencia) Espazos Violeta <i>*(Memoria específica Equipo igualdade)</i> ● Desenvolvemento de proxectos en titorías e Ambientes de E Infantil, E. Primaria. ● Realización de proxectos coordinados desde Polos Creativos: ComuniKT, Radio e comunicación audiovisual/Proxectos audiovisuais/Meteo Barouta/obradoiros manipulativos e creativos (biblio creativa) ● Realización das propostas de expresión e arte: danza creativa <i>*(Memoria específica Jean Monet)</i> ● A dinamización do timbre musical fíxose cunha dinámica de 	<ul style="list-style-type: none"> ● CCP ● Comisión de coordinación ● Equipos de coordinación ● Equipos docentes de ciclo e nivel ● Ambientes de Aprendizaxe ● Recursos dotación aulas e equipos. ● Páxina Web ● Redes sociais ● Abalar ● ANPA ● PDI e conmemoracións colectivas anuais

	<p>participación colectiva.dos diferentes niveis e co deseño de pequenos proxectos informativos na radio escolar para o tempo de patio</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Desenvolvemento de dinámicas ABP en E.Primaria con menor/maior regularidade ● Organización de tempos de coordinación dos equipos de traballo e coordinación de ciclo nivel: considerouse insuficiente e a necesidade de ampliación para o vindeiro curso. ● Incidiuse na difusión á comunidade na páxina web Información e formación. ● Charla “Un chocolate con... IGAXES ” sobre competencias familiares. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● Adoitar medidas organizativas de centro e de aula no traballo cara a inclusión social e a resposta ás NEAE do noso alumnado. ● *Atención especial ás dificultades de seguemento curricular e de 	<ul style="list-style-type: none"> ● Organización do sistema de APOIOS entre docentes: apoios en aula para o desenvolvemento de medidas de reforzo e proxectos/obradoiros internivelares... ● Mellorouse o deseño dos informes trimestrais do alumnado de E Infantil e E Primaria iniciado o curso 2022-23 ● Desenvolvemento dos Contratos PROGRAMA aprobados(10 liñas) CP Inclúe: Queda-T, Iguala-T,Convive-T, Inclúe- T, mociona-T CPInnova: Innova,Excelencia,Saúde,Sostibilidade, Calidade ● Intervencións no patio ampliando as posibilidades lúdicas e de interaccións sociais positivas tamén no deporte. 	<ul style="list-style-type: none"> ● CCP ● Sistema de apoios entre profesorado ● Contratos Programa ● Equipo de Convivencia . Actividades e propostas anuais. ● Plan de Convivencia ● Terapeuta especialista en Terapia de xogo. ● Plan de Orientación ● Atención Temperá ● Servizos logopedia e

<p>dotación de recursos e traballo sobre a avaliación do alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> *Reflexión e avaliación do alumnado. *Deseño e incorporación de medidas sobre a avaliación e coherentes coa normativa e PE. 	<p>Deseño de propostas e obradoiros. Programas de educación emocional.</p> <p><i>*(Memoria específica Equipo convivencia)</i></p> <ul style="list-style-type: none"> Deseño do programa de Terapia de xogo Sand Play. Coordinación con equipos externos (públicos e privados) nas dinámicas pedagóxicas e seguemento de alumnado neae: ASPANAE , AT de Ames-Teo e Negreira, Medrando Xuntos, Galicia Montessori, Abaco <p><i>*(Memoria específica D.O.)</i></p>	<p>terapia externos.</p>
<p>Avanzar na incorporación de boas prácticas profesionais, impulsando a innovación e mellora profesional continua.</p> <ul style="list-style-type: none"> Continuidade Elaboración da na concreción curricular establecendo e explicitando as 	<ul style="list-style-type: none"> Avanzar na toma de decisións colectivas previa reflexión e análise de métodos e procedementos educativos: coordinación de equipo de E.Primaria para iniciar a dinámica de ambientes de aprendizaxe: toma de decisións cara o vindeiro curso. Impulsouse a participación trasladando a información de convocatorias de actividades de formación a realizar por parte da Administración Educativa, a visita a outros centros Realización de formación colectiva PFPP : Lecturas dialóxicas.. O profesorado, a nivel particular participou en cursos e xornadas de formación. Fomentouse e facilitouse (recursos materiais e humanos) o desenvolvemento de aqueles proxectos que repercutan positivamente na vida escolar, presentado por calquera dos 	<ul style="list-style-type: none"> CCP Cursos de formación PFPPs Proxecto de ROBÓTICA Ambientes de Aprendizaxe E.I., E.P. Proxecto Radio e comunicación PLAMBE Equipo de biblioteca Equipos e comisións de traballo.. Niveis e Ciclos

<p>liñas metodolóxicas comúns de acordo coa normativa e co PE.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Potenciar e incidir na formación do profesorado no uso dos recursos pedagóxicos necesarios para manter a dinámicas acorde á liña de centro en todos os niveis educativos. ● Incidir na función titorial: cohesión do grupo, dinámicas de convivencia positiva e igualdade. 	<p>sectores da comunidade educativa:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Ambientes de Aprendizaxe en E.I. ✓ Matemática manipulativa en E.P e E.I. OAOA ✓ ABP en E.Primaria e E.Infantil ✓ Lectura funcional E.Infantil E.Primaria ✓ Obradoiros de radio e comunicación audiovisual vinculados ao Proxecto ComuniKT ✓ PDI “Barouta ao pé da noticia” ✓ Dinamización do PLAMBE <ul style="list-style-type: none"> ○ Dinamización biblioteca e proxectos derivados da mesma ○ Formación profesorado e alumnado ○ Participación da comunidade educativa. ○ Proxecto lector. <p><i>*(Memorias específicas niveis e Equipos)</i></p>	
--	--	--

Impulsar a participación colectiva no Proxecto Anual de Centro	<ul style="list-style-type: none"> ● Participación e coordinación do profesorado nas tarefas comúns e anuais. ● Traballo da Comisión de Coordinación, na organización global das propostas anuais vinculadas ao PDI. Deseño de : <ul style="list-style-type: none"> ● Disposición de recursos humanos e materiais: horario, espazos e recursos para a xestión e dinamización de proxectos colectivos anuais e PDI. ● Aportacións dos equipos de traballo ao PDI e melloras das dinámicas do centro, coordinados pola Comisión de coordinación ● Traballo das titorías ao longo do curso . ● Participación da Comunidade educativa ao longo do curso e nas exposicións (actividade nas titorías e días significativos) <p><i>*(Memorias dos Equipos)</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Equipo de biblioteca ● Comisión de Coordinación ● Equipos de coordinación ● Presuposto do centro ● Presupostos dos Equipos ● Espazos interiores e exteriores ● Grupos nivel e Ciclos ● Recursos colectivos ● Comunidade educativa ● Recursos persoais externos
Incentivar a relación coas familias e a súa participación activa na vida do centro	<ul style="list-style-type: none"> ● Realización de xuntanzas e titorías ● Participación nas actividades das titorías: establecemento de diferentes niveis por parte das titoras. ● Realización de Asamblea de centro. ● Coordinación coa ANPA para participación no PDI, actividades anuais e coordinación na xestión das actividades extraescolares. ● Desenvolvemento do programa “Un chocolate con...” ● Colaboración da ANPA nas actividades anuais e difusión das prácticas do centro. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Asambleas de Centro ● ANPA ● Comisión de coordinación ● Programas formativos comunidade ● Actividades, Proxectos e celebracións anuais ● Titorías

	<ul style="list-style-type: none">● Participación no proxecto “Barouta ao pé da noticia” en diferentes momentos do curso escolar e distintos planos.● O funcionamento das Comisións mixtas de participación foi desigual destacando a comisión de igualdade na colaboración co centro, desenvolvemento de programas, actividades e proxectos.● A participación das familias na ENAPA Barouta centrouse no: Clube de Lectura e familias● Fomentouse o uso de bitácoras de aula para a comunicación coas familias do traballo que se está a desenvolver e as metodoloxías empregadas● Alta participación das familias nas conmemoracións: nadal, entroido, exposición do PDI, fin de curso “Romería de Barouta” (colaboración económica de familias de 6º nivel)● Organización excursión de 6º	<ul style="list-style-type: none">● CAFI● Familias do centro● Comisións mixtas de traballo● Equipo directivo● Familias de 6º nivel
--	--	--

<p>Continuar revisando e anovando documentos do centro, compoñentes do Proxecto Educativo, de acordo coa normativa actual. Dar difusión dos mesmos na Comunidade Educativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Xestión da web, tamén no espazo específico para difusión dos Plans. ● Continuidade na difusión do PE ● Actualización NOFC. ● Dinamización Proxecto lingüístico por parte do EDLG ● O Plan Lector segue pendente de elaboración ● Continúase coa elaboración/actualización Plan de Atención á diversidade ● Xestionáronse os plans elaborados, así coma diversos protocolos atendendo á diversidade de situacións que xurdiron ao longo do curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Equipo directivo ● Departamento de Orientación. ● Comisión de convivencia ● Equipo de Biblioteca ● Equipo de Dinamización lingüística ● Realización dun simulacro de evacuación. ● Equipo TIC ● Equipo Plan Dixital
<p>Xestionar a incorporación ao programa de propostas diversas ao longo do curso, como colectivo ou titorías, vinculándoas ao PDI como eixo director.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Realización de saídas e visitas por parte das titorías e ciclos ● Desenvolvemento de actividades relativas a Escola no bosque/escola no patio (E.I. e E.P.) ● Roteiros pola contorna e actividades de descuberta e lecer (titorías e ciclos) ● Desenvolvemento de proxectos derivados dos Contratos Programa ● Desenvolvemento de programas de prevención condutas adictivas e drogodependencia: 3º ciclo 	<ul style="list-style-type: none"> ● Equipo actividades ● Comisión de coordinación ● Proxectos ofertados por estamentos externos : Concello, USC, ONGs ● Gabinetes externos ● Outras Asociacións e ONGs (Contratos Programa) ● D.O.

	<ul style="list-style-type: none">● Desenvolvemento de programas de prevención do Plan Director: 3º ciclo● Desenvolvemento de propostas de formación e sensibilización na igualdade de xénero para alumnado e familias en diferentes formatos e momentos do curso escolar.● Actividades relacionadas con programas de convivencia● Desenvolvemento de actividades relacionadas con Programas de sensibilización intervención educación ambiental● Proxectos colaboración outras asociacións e ONGs : Amicos, ADEGA... <p><i>*(Memorias específicas Equipos de Trabajo e niveis)</i></p>	
--	--	--

<p>*Dinamizar e concretar responsabilidades e ámbitos de actuación dos diferentes órganos de coordinación docente.</p> <p>*Optimizar a xestión da comisión de coordinación</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● A coordinación das actividades anuais a partir do PDI non resultou de todo efectiva; é preciso realizar reaxustes de coordinación de cara ao vindeiro curso. ● Participación colaborativa do profesorado nas diferentes tarefas e equipos para ao desenvolvemento do proxecto anual, conmemoracións anuais e propostas colaborativas internivelares. ● Realizándose todas aquelas xuntanzas necesarias por parte dos órganos de coordinación docente con regularidade semanal ao longo do curso. ● Xuntanzas semanais da Comisión da Coordinación con representación de todos os equipos e comisións. ● Realización de xuntanzas semanais dos equipos e do claustro do profesorado. ● Organización horaria das reunión dos equipos e comisións. <ul style="list-style-type: none"> ● Preparación e entrega da documentación necesaria para o desenvolvemento das actividades e proxectos por parte dos diferentes equipos. ● A dispoñibilidade temporal para a coordinación de profesorado e equipos considerouse insuficiente polo que terá que ser revisada e ampliada cara o vindeiro curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Equipos directivo ● CCP ● Equipos docentes de nivel e Ciclos internivelares ● Claustro ● Comisión de coordinación ● Equipo de Complementarias ● Equipo Dinamización lingüística ● Equipo TICs ● Equipo Plan Dixital/ Polo creativo ● Equipo de Igualdade ● Equipo de Convivencia ● Equipo de Biblioteca
--	---	--

<p>Fomentar a coordinación entre os diferentes niveis e etapas educativas, en relación a:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ O currículo (nexos intra e interetapas) ○ Inclusión e diversidade ○ Atención neae ○ A metodoloxía ○ A función titorial ○ Avaliación ○ Proxectos internivelares 	<ul style="list-style-type: none"> ● Dinamización do Equipo de coordinación E.Infantil e 1º ciclo de E.Primaria: comunicación fluída e realización de actividades conxuntas. ● Coordinación equipos de ciclo e nivel para o desenvolvemento de actividades e proxectos comúns. ● Organización de Equipos docentes de Primaria para actividades concretas: talleres internivelares en E.Primaria. ● Establecemento de tempos para a coordinación: proxectos, actividades, criterios metodolóxicos, recursos, avaliación. Valoración de necesidade de maior tempo para estas coordinacións. ● Coordinación co D.Orientación: dificultade de axustes de tempos por non ter permanencia completa do orientador no centro <p><i>*(Memoria específica niveis e D.O.)</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Equipo docente E.Infantil ● Equipo docente E.Primaria ● CCP ● Pautas metodolóxicas comúns ● Proxectos comúns ● Modelo de criterios de cualificación e avaliación. ● Criterios de promoción. ● D.O.
<p>Optimización da xestión económica do centro</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Realizáronse os axustes e xestións precisas para adaptar o presuposto aos gastos do curso escolar. ● Axustouse o presuposto aos criterios de reparto equilibrado da dotación: inventariado e xustificación de uso por parte dos equipos e niveis. ● Fíxose inversión na mellora da dotación e infraestrutura naqueles espazos e cos materiais necesarios: patio escolar, espazo calmo, biblioteca, polo creativo. ● Xestións para ampliar a dotación económica do centro cara o desenvolvemento de diferentes proxectos: 	<ul style="list-style-type: none"> ● Presuposto do centro ● Comisión económica ● Consello Escolar ● Claustro ● Equipos e comisións ● Titorías ● ANPA ● Contratos Programa ● Proxecto europeo Jean Monnet

	<ul style="list-style-type: none">● obtención de premios a proxectos e de innovación con cuantías económicas : InnovAmes e Concepción Arenal (igualdade)● Elaboración e realización de 10 liñas de contratos Programa● Xestión programas europeos: Jean Monnet, Pro Bleu● Xestións para organización espazo polo creativo.	<ul style="list-style-type: none">● Outros premios corporativos/ non corporativos.
--	--	--



3.2.- PROXECTO DE CENTRO ”Barouta ao pé da noticia”



A dinamización do PDI “Barouta, ao pé da noticia” foi protagonizada polo equipo de biblioteca que funcionou como eixo coordinador e de xestión da información para o seu desenvolvemento. Con tal motivo, aportou materiais e funcionou como espazo de conxunción de experiencias e descubrimentos nos distintos momentos do proceso e coma canle de coordinación coas persoas externas. A Comisión de coordinación aunou a participación de todos os equipos nos procesos.

Ambos equipos colaboraron coas titorías apoiando o traballo- investigación nas mesmas dos diferentes aspectos e nos distintos momentos do proceso. Con todo, conformouse o traballo global que revertiu en todo o centro. Ao longo do curso escolar buscouse significar as actividades correspondentes á dinámica anual co proxecto, de xeito que de todas se fixese aproveitamento educativo no marco do proxecto.

Traballouse o texto informativo dende diferentes formatos: xornal, podcast, televisión, revista, reportaxe, fotografía, textos de opinión, columnas, entrevistas, infografías... relacionando con contidos do currículo e vinculados con diferentes temáticas e situacións sociais que xurdiron ao longo do curso e das que se fixo aproveitamento didáctico. A escritora **Antía Yáñez**, foi a protagonista do itinerario lector deste curso e dos clubs de lectura de profesorado e familias.

Todas as actividades e dinámicas estiveron encadradas nas liñas básicas do proxecto educativo do centro: inclusión, feminismo, sostibilidade e en galego (utilización da lingua inglesa para as dinámicas específicas desta materia) e encadráronse coas conmemoracións anuais: 25 N “Póñome nos teus zapatos”,



nadal “Conexión Nadal”, entroido “Telentroidadas”, 8M “Xogar coma unha nena”, Museo Barouta “Barouta ao pé da noticia” (exposición PDI)

As propostas que se desenvolveron abarcaron diferentes tempos e dinámicas, coordinadas pola Comisión de coordinación para concretar nas actividades e propostas:

- Cada titoría desenvolveu propostas relacionadas coa noticia ao longo dos tres trimestres encardinándoas na súa programación de xeito global ou interdisciplinar.
- Os diferentes ciclos desenvolveron propostas internivelares que encadraron no PDI
- O Equipo de Biblioteca facilitou recursos e contidos, que conlevaron investigación e descubrimento.
- Unha boa porcentaxe das conmemoracións e actividades colectivas estiveron tamén vinculadas ao PDI axustando as propostas ao mesmo, encadrando as actividades e servindo de soporte contextual e espacial.
- O Polo creativo foi centro e apoio para o desenvolvemento de múltiples propostas do alumnado (Radio Barouta/ TV Barouta, creación de podcast...)
- Fíxose un traballo de investigación e descubrimento dos diferentes aspectos relacionados coa noticia e formatos que a conteñen .
- Houbo diferentes graos de participación das familias do alumnado no PDI, nas diferentes fases de realización do mesmo, nas titorías con actividades concretas ou conmemoracións e por suposto na presentación do mesmo o 12 de xuño, cando como cada ano o centro convertiuse no **Museo Barouta** para a exposición do traballo realizado á comunidade educativa. A asistencia por parte das familias foi boa, organizándose unha visita aberta e ambientando o centro para facilitar a mesma

(Memoria específica PDI Equipo Biblioteca)



4.- AVALIACIÓN DO FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E OUTROS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Ao longo do curso 2023-2024 realizáronse todas aquelas xuntanzas de claustro precisas enfocadas á coordinación e toma de decisións encamiñadas ao desenvolvemento da actividade pedagóxica.

Realizáronse tamén 3 Consellos Escolares, para o estudo, debate e aprobación de plans e propostas, así como Memoria. Un cada trimestre do curso escolar.

As xuntanzas do colectivo do profesorado nos diferentes equipos e comisión con carácter organizativo e informativo, necesarias para a implicación e participación de todo o profesorado na dinámica e posta en marcha de actividades do centro, segundo o modelo establecido na PXA realizáronse no tempo de permanencia no centro, de 14h00 a 15h00´.

Levouse a cabo unha Asamblea de Centro ao comezo do curso escolar e a xornada de portas abertas para as familias de novo ingreso en Educación Infantil.

As xornadas de formación colectiva (PFPP "lecturas dialóxicas" do libro "Educar con Co- razón" de José M^a Toro) realizáronse en xornada de tarde.



5.- ANÁLISE DO RENDEMENTO ACADÉMICO.

Os datos xerais dos resultados académicos, a partir dos datos da avaliación final, son os que seguen:

Curso	Total	Promociona	Non promociona	Porcentaxe alumnado promociona
E. INFANTIL	24	24	0	100%
1º E.P.	25	25	0	100%
2º E.P.	24	24	0	100%
3º E.P.	25	25	0	100%
4º E.P.	25	25	0	100%
5º E.P.	25	25	0	100%
6º E.P.	25	25	0	100%

A promoción de curso foi xeral en todos os niveis, no ciclo de E.Infantil e en E.Primaria, realizándose en todos os casos un informe individual valorativo do traballo realizado polos alumnos e alumnas no curso, incluíndo as nencesidadesde apoio e reforzo que puidesen terse producido. Estes informes serán tidos en conta de cara a programación do curso 2024-2025.

A valoración xeral, segundo os datos de promoción do rendemento académico do alumnado do centro é positiva, por canto tanto en Educación Infantil como Educación Primaria promociona case a totalidade do alumnado.

6.- AVALIACIÓN DAS ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS DE APOIO EDUCATIVO.

(*Memoria do Departamento de Orientación)

A memoria do D.O especificará a valoración das medidas adoptadas dentro do Plan de Atención á Diversidade No relativo ao sistema de apoios establecido na PXA, en relación á dispoñibilidade horaria do profesorado, coa posibilidade de apoio entre iguais, reflectida tamén no Plan de Atención á Diversidade para este curso 2023-2024.

Neste curso escolar desde comezos do mes de outubro comezaron a realizarse os apoios nas diferentes aulas utilizando aquelas modalidades organizativas que, en coordinación coa titoría, valoráronse como máis positivas para a marcha do grupo. Foi responsabilidade da titoría a organización das sesión de apoio na aula e para aquel alumnado que precisou maior atención. A organización efectiva da atención do alumnado nos diferentes agrupamentos con proxectos e propostas internivelares contemplou tamén a realización de apoios nas aulas e ciclos que o precisaron.

Estas dinámicas de apoios foron revisadas na CCP trimestralmente cando menos e tiveron variacións ao longo do curso en función dos criterios de necesidade e optimización dos recursos.

Os criterios seguidos para a realización deste plan de apoio foron os seguintes:

- Grupos que desenvolveron dinámicas que precisaban da participación de varios docentes: Ambientes de aprendizaxe, proxectos internivelares matemáticas 1º-2º-3º niveis de E.P. e de ciencia e arte no 3º ciclo.

- Grupos que precisaron apoio extra, ademais do recibido por parte do profesorado de educación especial (PT e/ou AL):E. Infantil - 1º - 3º- 4º E. Primaria
- Disponibilidade e compatibilidade dos horarios establecidos ao comezo do curso escolar.
 - Grupos de Educación Infantil para posibilitar o horario do equipo directivo e as coordinacións de titoras (profesorado con cargo directivo, coordinacións EDLG, Ciclo)
 - Desdobre do grupo de 4º nivel nunha sesión de lingua inglesa.

Cubriuse a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio e reforzo educativo , por parte dos especialistas de AL e PT, valorándose como insuficientes nalgúns casos.

Os horarios, así como as dinámicas dos apoios tiveron reaxustes e variacións ao longo do curso e en función dos criterios de necesidade e optimización dos recursos. A dinámica de apoios estivo en constante revisión por parte da X.E. co obxectivo de ser optimizada; tamén nas xuntanzas de coordinación e CCP.

7.- AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Con referencia á formación do profesorado destacar que se dou continuidade ao plan de formación permanente do profesorado.

Neste curso fíxose arredor de ***faladoiros pedagóxicos dialóxicos***, co obxectivo de reflexionar e debater sobre a temática elixida en grupo para ir deseñando unha estratexia común baseada no consenso. Arredor da temática da educación emocional douse lectura ao libro Educar con co-razón de José M^a Toro.

Realizáronse dúas sesións de formación con IGAXES sobre dinámicas saudables de relación no seo da escola e a familia, para profesorado e tamén para familias.



Estivemos en contacto, por tanto co CAFI de maneira habitual ao longo do curso para garantir o seguemento e un bo desenvolvemento da formación.

O profesorado fixo formación individual de maneira opcional fóra e dentro do centro, tendo en conta a oferta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e/ou doutras entidades públicas (Xornadas de Igualdade e Congreso de Saúde mental do Concello de Ames) Xornadas de Biblioteca etc.

Desde o centro potenciouse e facilitouse a participación nestas formacións, así coma a repercusión da mesma no currículo escolar . Por outra banda, tamén se dou información sobre cursos, congresos, xornadas,... ao profesorado.

Durante o 1º e 2º trimestres houbo alumnado de prácticas en E.Infantil e E.Primaria.

PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS EDUCATIVOS E DE INNOVACIÓN

Nas distintas memorias dos equipos refléxanse estas participacións. Destacar:

- 8º ano de desenvolvemento do Proxecto de Educación Infantil de traballo por Ambientes de Aprendizaxe, avanzando un paso máis en dinámicas de acompañamento e disposición espacial favorecedora do descubrimento e aprendizaxe autónomo nesta etapa educativa. Formación do equipo.
- O Polo Creativo, albergou varios dos proxectos **ComunikT** de comunicación oral e audiovisual, así como **MeteoBarouta**, ligado ao Plan Proxecta e ao contrato programa CPInlúe (Inlue-T) formando parte da rede de Meteoescolas. Participación no concurso da feira de InnovAmes obtendo o 1º premio (** Memoria Polo Creativo*)
- 7º ano de desenvolvemento de obradoiros de prevención de condutas adictivas, sexualidade e identidade, e de condutas adictivas relativas á tecnoloxía ; todos eles están ofertados pola Concellalía de Benestar Social do Concello de Ames e xestionados polo gabinete de Psicoloxía Belén Montesa. Foron realizados polo alumnado de 3º ciclo de E.Primaria e as

súas familias. Este curso realizouse no 3º trimestre.

- Continuidade do Programa de robótica en E. Primaria e Infantil implicando directamente aos niveis de 4º-5º e 6º de E.Primaria. Este programa desenvolveuse a partir do contrato programa CP INnova- Excelencia.
- Continuidade do Proxecto de sostibilidade e reciclaxe: dinámica escolar cotiá da reciclaxe e recollida selectiva de residuos. Obsérvase necesario seguir afondando no vindeiro curso. *(*Memoria Equipo Contorna*)
- 6º ano da dinámica de “Xogo Terapéutico” xestionado polo terapeuta especialista en Sandplay Joaquín Blix. Organización do espazo e recursos. Ligado a Contrato Programa CP Inclúe-Queda-T.
- Continuidade na participación do Proxecto Elisa (Estudo lonxitudinal para unha infancia saudable), colaborando coa Facultade de Psicoloxía da USC.
- Continuidade do proxecto “Mudando o patio” 2022-2023. Relación directa coa idea de sostibilidade do proxecto de centro deste curso. Merca de materiais de xogo e xestión de ampliación de recursos. Establecemento de horarios e agrupamentos par uso de espazos concretos (pista polideportiva exterior e pavillón) Vinculación Contrato Programa CPInclúe, Convive-T e CPINnova, Saúde.

Elaboración de proxectos relacionados co espazo exterior-estanque: Probleu (actividade pedagóxica) e proxectos deremodelación (Mludiño e Fundación Paideia)

- Desenvolvemento, por segundo ano consecutivo do programa *Modo Galego Actívao* en coordinación coa concellalía de Normalización do concello de Ames e a RAG. Coordinación EDLG do centro.
*(*Memoria EDLG*)
- Progreso da posta en marcha do Espazo Calmo/ espazo de mediación traballo corporal e teatro . Xestión do Equipo de Convivencia e Igualdade.
*(*Memoria Equipo de Convivencia e Memoria do Equipo de Igualdade*)
- Participación por 9º ano consecutivo no programa Voz Natura;. Participación maioritaria do alumnado de E.Infantil, 1º e 2º ciclos de E.Primaria
*(*Memoria Equipo da Contorna*).



- Continuidade proxecto de Igualdade, vinculado a contrato programa CP Inclúe Igual-T “ Terra de Mulleres” e desenvolvemento de novos proxectos vinculados ás conmemoracións anuais e á creación do espazo de teatro. Presentación ao premio de Igualdade Concepción Arenal para E.Primaria, obtendo o 1º posto.
**(Memoria Equipo de Igualdade)*
- Participación programa Digicraft para alumnado de E.Primaria **(Memoria Polo Creativo- Plan Dixital)*
- Desenvolvemento do proxecto de Danza dentro do 1º curso do Programa europeo Jean Monnet.
**(Memoria específica)*
- Apertura do centro para sesións de colaboración coa USC - Grado de Educación, coa recepción de alumnado estudante para presentación observación dinámica de ambientes de aprendizaxe en E.Infantil.

8.- AVALIACIÓN DOS DIFERENTES PLANS.

8.1.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS NO SEO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Neste curso continuando na liña dos anteriores, potenciouse a participación das familias na vida do centro, considerando as mesmas unha parte fundamental para a consecución da nosa oferta educativa. O diálogo positivo e o marco legal, foron a base para o entendemento na resolución de diversas situacións que xurdiron ao longo do curso.

A participación das familias fíxose efectiva en distintos planos: Comunicación e participación e colaboración en distintos momentos do curso.



Para favorecer estas relacións e potencialas, estableceranse distintos tempos e espazos previstos para a comunicación e intercambio de información e acordos:

- Continuáronse establecendo canles fluídos e transparentes de comunicación, centrándose nos corporativos (abalar) e renovando e ampliando as posibilidades da páxina web que supuxo un mellor achegamento de información e comunicación co centro e posibilitou a realización de xestións online.
- Titorías, xuntanzas de aula: todas aquelas que se valoraron necesarias por parte do profesorado/titor ou solicitadas polas familias.
- A información relativa ás avaliacións do alumnado, achegouse como é prescriptivo unha vez ao trimestre.
- **Consello Escolar** : neste curso houbo renovación de representantes do mesmo no mes de novembro. Potenciouse o funcionamento transparente do mesmo, como espazo de encontro e cooperación, máis alá da orde do día.
- Realizouse unha **Asamblea de centro** ao comezo do curso. Carácter informativo e valoración de diferentes cuestións relativas ao funcionamento do centro.
- **Comisións mixtas traballo familias- profesorado**: no seo da asamblea de comezo do curso constituíronse varias comisións novas de traballo e participación, definindo as súas funcións.

Así, ademais da Comisión de Igualdade (xa con traxectoria no centro) conformáronse:

- Comisión de dinamización lingüística
- Comisión de patio escolar
- ENAPA Barouta
- Infraestrutura

O funcionamento das mesmas foi desequilibrado, sendo a comisión de igualdade a que tivo maior disposición de traballo. De cara ao vindeiro curso será preciso plantexar as dinámicas das demais comisións cara a aumentara súa participación na vida do centro.

- Estableceuse un contacto fluído coa nova **ANPA** , co establecemento de reunións e comunicación frecuentes e traballando conxuntamente no apoio mutuo de actividades no centro.

Contamos con ela para a solicitude de melloras da dotación e infraestrutura, e realización de actividades diversas, facilitándolle pola nosa parte, a colaboración que solicitaron e estando abertas ás súas suxestións e achegas.

Ao longo do curso contamos coa súa colaboración, e do resto das familias do colexio, na organización das celebración e proxectos colectivos programados (conmemoracións anuais, fin de curso...)

- Houbo unha boa participación e colaboración das familias para a realización de diferentes actividades e proxectos . Actividades específicas programadas para a comunidade “**Un chocolate con..**”, **Carreira solidaria**, **Romería de Barouta**e participación como centro no programa de “**Escola de Nais e pais**” do Centro de Formación do Profesorado (Club de lectura, dinámicas familiares con IGAXES).

- O **equipo directivo** mantivo un tempo preferente de atención ás familias: de luns a venres na 1ª e última sesión da xornada lectiva, , mantendo unha actitude atenta de colaboración e apoio de cara apoiar e dar tranquilidade á comunidade no relativo ás dinámicas escolares e resolver de maneira efectiva as diversas situacións.

8.2. PLAN PARA A ORGANIZACIÓN DO TRANSPORTE ESCOLAR E DO SERVICIO DO COMEDOR.

SERVIZO DE TRANSPORTE

Este servizo (5 liñas de transporte) utilizado por case a totalidade do alumnado, funcionou con normalidade cumprindo os protocolos designados para o mesmo. Dóuselle cobertura a todo o alumnado solicitante. En liñas xerais o funcionamento do servizo e a relación do Centro coa empresa foi óptima.

No mes de setembro fíxose unha revisión coa empresa de cara a normalizar o uso e lograr unha mellor optimización do servizo, así como dar cobertura a todo o alumnado solicitante.

Mantívoase un contacto fluído co persoal acompañante intentando aportar solucións positivas aos conflitos de convivencia e disciplina que esporádicamente xurdiron nos distintos traxectos, atopando en todos eles solucións positivas.

De cara a facilitar o uso por parte do alumnado de Educación Infantil de nova incorporación, como é habitual, a cada liña asignóuselle unha cor e un número, os mesmos que figuran nunha tarxeta identificativa que cada alumno/a levaba consigo. As nenas e nenos que utilizaron o servizo de comedor non dispuxeron deste servizo sendo recollidos polas súas familias.

Para a realización das saídas, a diversos puntos de interese contouse coa empresa Rías Baixas que realizou as viaxes.

SERVIZO DE COMEDOR

Neste curso o funcionamento do comedor escolar foi similar ao anterior, no horario habitual de 14h00 a 16h30 e cunha ratio semellante .

O colexio facilitou o funcionamento deste servizo, poñendo a disposición as instalacións así como o uso dos aseos, aulas, zonas porticadas e pavillón . A utilización do espazo, fíxoa tamén o servizo de “Bos días cole” e “ Tardes divertidas”, xestionados á súa vez polo Concello.

Desde o centro estableceuse coa persoa coordinadora do mesmo no colexio a coordinación da recollida das nenas e nenos usuari@s deste servizo ao remate da xornada. As relacións do centro co personal responsable do comedor foron fluídas e partiron da base de cooperación e corresponsabilidade nun funcionamento eficaz e positivo do servizo.

8.3. - PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.

Neste curso fóra do horario lectivo e en horario de tarde, as instalacións do centro foron utilizadas polos diferentes membros da comunidade educativa:

- o desenvolvemento das actividades extraescolares programadas pola ANPA



- o actividades extraescolares programadas polas Escolas deportivas do Concello. Actividades deportivas no pavillón (concerto co Concello de Ames para a utilización do pavillón fora do horario lectivo e de extarescolares por parte da comunidade veciñal)
 - o As xuntanzas da ANPA San Mauro. Equipa directiva e assembleas de socios.
 - o Agrupamento comisións mixtas de traballo
 - o Actividades formativas do profesorado (PFPP). Utilización do espazo da biblioteca e outras salas.
 - o Actividade “ Un chocolate con...” .
 - o Clube de lectura (ENAPA). Espazo da biblioteca escolar.
-
- Servizo de “Bos días cole” : con hora de comezo ás 7h30 da mañán. Utilización do espazo do comedor.
 - Servizo de Comedor escolar: utilización no tempo de xantar e atención ao alumnado que utiliza este servizo de 14h00 a 16h30 do espazo do comedor, aulas e aseos con entrada exterior.
 - Servizo de “Tardes divertidas” : utilización do espazo do comedor e exterior na marxe horaria de 16h30 a 20h00 para a realización de actividades relacionadas co coidado e animación do tempo de garda para o alumnado custodiado.

9.- SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E DO EQUIPAMENTO.

Previo ao comezo de curso, coma é habitual, o profesorado traballou na reorganización dos espazos para o acollemento dos agrupamentos-titoría, as aulas de especialistas e o acondicionamento dos espazos comúns. Fíxose unha reorganización de equipamento e mobiliario dos espazos, así como dos recursos,

co obxectivo de optimizar o aproveitamento. A solicitude de novo mobiliario para aulas e espazos comúns feita á Consellería de Educación, co obxectivo de continuar renovando e ampliando o mesmo para adecualo ás necesidades actuais do centro pero non foi atendida.

Houbo intervencións do concello para realizar arranxos e mantemento da zona exterior con periodicidade (zonas de parques infantís, cortado de herba e poda...)

A petición feita ao Concello e á Xefatura Territorial de remodelación dos **aseos** da zona de Educación Infantil, pouco adaptados ao alumnado e en evidente deterioro tivo unha resposta pouco satisfactoria cun resultado non acorde coa petición e necesidades presentadas polo centro.

As demandas relacionadas con arranxos na estrutura (tellado) e na zona exterior aínda non tiveron resposas efectivas por parte das administracións máis alá de pequenos arranxos puntuais.

Será necesario, pois, incidindo dada a necesidade e importancia da mesma así coma nas intervencións a realizar cara o vindeiro curso 2024-2025, posto que o colexio segue sen ter solucionados problemas importantes de infraestrutura e mantemento. O centro segue a precisar melloras (reparacións fundamentalmente) e reformas que quedaron incompletas ou non realizadas no edificio e zonas de acceso e patio escolar .

Durante o curso, estívoise en contacto permanente coas persoas responsables do Concello, incidindo na necesidade de facer o mantemento axeitado das instalacións, cumprindo aceptablemente cos compromisos acordados co centro.

Procurouse a implicación da ANPA e Comunidade Escolar nesta labor.

No remate do presente curso, presentaranse de novo as demandas de mantemento coa intención de que sexan realizadas no verán.

En canto ao equipamento, o proxecto **Polos Creativos** posibilitou dotación e mobiliario. Está pendente a realización de obras de remodelación para a construción do espazo a cargo da Consellería de Educación.

** (Memoria Polo Creativo)*

Está prevista a substitución de pantallas dixitais en 2º e 3º ciclos de E.Primaria ao

igual que se fixo o curso anterior en E.I.e 1º ciclo de E.Primaria, por parte da Consellería.

Continuouse coa habilitación da **aula de proxectos** como espazo de traballo, recursos e exposición multidisciplinar onde se ubicaron recursos e materiais de matemática manipulativa, plástica, ciencia e investigación etc. e co establecemento tempos de uso para todas as titorías. No vindeiro curso terá outra ubicación máis acorde coas dinámicas da mesma e da titoría coa que intercambia ubicación (1º E.P.)

A **Biblioteca** realizou investimentos en mobiliario e recursos , traballando ademáis na reorganización do espazo para incluír novos proxectos e actividades.

**(Memoria Biblioteca)*

O **Espazo calmo**, xestionado polo equipo de Convivencia, tivo tamén reaxustes de organización para facilitar o uso do mesmo por parte de todas as titorías. Coa subvención do Premio de Igualdade da Diputación de A Coruña “Begoña Caamaño” fíxose un investimento para a transformación deste espazo, co ánimo de ampliar as posibilidades de uso, converténdose nun teatro, No vindeiro curso estará xestionado polo equipo de convivencia e de Igualdade.

As intervencións no **patio escolar** centráronse nas demandas de seguridade expostas e en seguir habilitando e xestionando os espazos de xogo, deporte e aprendizaxe : estanque e pista polideportiva.



10.- CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA.

Na PXA recolleuse a necesidade de incidir en determinados aspectos, recollidos nas propostas de mellora do curso anterior e cifrados como obxectivos para este. Os diferentes niveis/ciclos e equipos recollen nas súas memorias **as propostas de mellora** cara o vindeiro curso 2024-2025.

As etapas de E.Infantil e Primaria propoñen aquelas cuestións de maior ou menor concreción nas que é necesario mudar, dar continuidade ou afondar:

E.Infantil

- Revisión e reorganización de recursos materiais e espaciais.
- Necesidade de transformar os ambientes creados para convertelos en espazos máis naturais, entorno á vida real. Identidades máis definidas, eliminación materiais e mobiliario infrutilizados.
- Incorporación de todas as linguaxes aos ambientes.
- Maior concreción de propostas (condicionante o tempo). Elaboración de propostas e invitacións máis abertas e menos guiadas. Deseño invitacións conectadas coas identidades do ambientes. Deseñaranse para que a súa realización sexa o máis autónoma posible e sen as expectativas dun resultado concreto.
- Incorporación maior tempo de rotación libre polos ambientes, establecer tempos coas titoras polos ambientes que non son o referencial.
- Establecemento dos apoios de PT e AL en 2^{as} sesións da xornada
- Actividades complementarias e propostas de PDI mellor integradas na programación.
- Reflexión papel de acompañamento das mestras e persoas adultas.

Favorecer o traballo cooperativo nos ambientes.

- Profundizar no intercambio de información entre as diferentes titorías sobre os contidos que se están a traballar para facilitar, potenciar e mellorar o traballo, relación e a comunicación entre as mesmas.
- Mellorar a coordinación coa etapa de E.Primaria

E.Primaria:

- Continuar mellorando a organización e estética dos espazos, notablemente as aulas, e implicar ao alumnado e a toda a comunidade educativa no coidado e respecto do material e dos espazos.
- Seguir traballando na implicación e conexión con todas as persoas que forman parte da comunidade educativa. Implicar ás familias en que compartan os seus talentos e saberes e formen parte dos procesos de aprendizaxe do alumnado así como dos espazos de festividade gañando responsabilidades.
- Seguir camiñando cara a integración das propostas de centro (efemérides, PDI) dentro das programacións de aula e non como algo suplementario. Para iso é preciso que estas propostas se compartan con maior antelación.
- Retomar as asembleas de centro para que o alumnado tivera un espazo no que compartir inqedanzas e propostas onde a súa voz sexa escoitada a través dun representante de aula.
- A presentación do PDI consideramos que debería facerse na primeira semana de xuño para que non coincida coa carga de traballo de final de curso.
- Establecer maiores tempos para a coordinación do profesorado : interniveis, dos equipos docentes e de traballo.
- Revisar o formato e frecuencia dos informes trimestrais do alumnado.
- Valorar se a proposta de patios inclusivos conseguiu os obxectivos fixados e ver o xeito de que realmente chegue ao alumnado con máis dificultades nas relacións sociais, dado que esta é a finalidade do mesmo.
- Axustar as actividades complementarias en volume e organizativamente.

Procurar pechar no mes de setembro a oferta e organización das actividades comúns (centro e ciclo) e estrutura organizativa.

- Realizar unha revisión dos mínimos. Establecer os mínimos de Ciclo.
- Procurar dispoñibilidade horaria para elaborar e deseñar propostas metodolóxicas.
- Aumentar apoios e reforzos nas titorías.
- Facer maior e mellor cumprimento das normas de centro establecidas nas NOfc (uso dos espazos (uso de material de biblioteca, baixada e recollida de patio, volumen nos movementos polos corredores), tarefas para casa... decálogo de bo trato para todo o centro...)
- Elaborar e utilizar modelos comúns de Actas de avaliación.
- Mellorar o modelo de informe de avaliación.
- En relación ao profesorado de D.O.: prioridade ao alumnado con diagnóstico. Valoración dos apoios nas saídas e excursións.
- Levar a cabo máis udis, tarefas e proxectos coordinados no ciclo.
- En relación ás sesións de obradoiros mixtos: procurar que o profesorado de apoio rote coa titora.
- Mellorar a organización da saída de finde curso (programación anticipada ao comezo do curso)

11.- MEMORIAS DOS NIVEIS E EQUIPO

Adxuntas a esta memoria xeral anual preséntanse aquelas elaboradas polo Departamento de Orientación Equipos e Comisións de traballo do centro.

- Memoria D.O.
- Memoria Plan Dixital/polo Creativo
- Memoria EDLG
- Memoria Equipo Biblioteca
- Memoria Equipo Igualdade
- Memoria Equipo Convivencia



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA DE
BAROUTA

Barouta 11
15229 – AMES
T | 881867455
ceip.barouta@edu.xunta.gal



- Memoria Extraescolares/Contorna
- Memoria Programa Erasmus+Jean Monnet 2023/24